

Turistas, viaxeiros, investigadores e identidades

JOSÉ M^a EGUILITA FRANCO

Concello de Ourense¹

Resumo

Desde distintos conceptos de Patrimonio Cultural que proveñen da evolución teórica da Antropoloxía e da Arqueoloxía, tentamos formular algunhas cuestións sobre as achegas que estas disciplinas científicas teñen na construción do discurso identitario, na conformación da imaxe do «nós» fronte a dos «outros». Tratamos, tamén, posibles diferenzas entre as miradas dos turistas, os viaxeiros e os estudosos, especialmente porque todos eles proxectan un tipo de visión, tanto sobre as culturas alleas como sobre as propias. Neste último aspecto foi fundamental o papel desempeñado polo Seminario de Estudos Galegos, especialmente por formar un grupo de investigación galego que desenvolveu un intenso traballo de campo, entendendo Galicia como un laboratorio.

Palabras chave

Patrimonio cultural, arqueoloxía, identidade, viaxe e turismo.

¹ Xefe do Departamento de Arqueoloxía do Concello de Ourense e responsábel da Sección de Ciencias Sociais da Fundación Vicente Risco.

1. Introducción

No mes de setembro de 2010 celebrouse o Curso de Verán «Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936», dirixido pola profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián, da Sección de Literatura da Fundación Vicente Risco. Agradecemos a esta fundación e á profesora a invitación para participar na Mesa Redonda «A descuberta do país a través da ciencia (SEG): os percursos arqueolóxicos, etnográficos, musicais...», xunto co antropólogo X. M. González Reboredo e o musicólogo L. Costa, dado que nos permitiu facer unha incursión neste curso literario sobre viaxes e percepcións de identidade, pese a que a nosa relación coa Literatura –debemos recoñecelo– é fundamentalmente utilitaria, como ferramenta e vehículo, e non na súa importante función de creación expresiva. Tentaremos neste escrito recoller as ideas principais que guiaron a nosa achega.

Desde as construcións teóricas da Arqueoloxía pensamos que o Patrimonio Cultural, en xeral, e o Arqueolóxico, en particular, son un elemento esencial para percibir as particularidades de cada país e, en consecuencia, unha activa engrenaxe desa maquinaria que constrúe as identidades. É neste aspecto onde entra en funcionamento a observación, percepción e interpretación dos sinais que percibimos a través da mirada. Porque cremos firmemente que esta é fundamentalmente cultural, mediatizada pola formación do observador. Desde este punto de vista, incluso as paisaxes son culturais, non só pola diacrónica participación humana na súa configuración, sexa esta intervencionista ou conservacionista, senón na propia percepción que temos delas.

Na busca de explicacións para comprender a configuración paisaxística os exemplos que se nos ocorren son sinxelos. Na racionalidade humana de construción do territorio –ou «irracionalidade», segundo algunhas opinións– son moi distintas as premisas que deciden a creación dun parque natural, evidentemente conservacionistas, das que organizan a produción nun polígono industrial, decisión que pode ser incluso tomada pola mesma comunidade humana de xeito simultáneo. Con respecto á percepción, esta iníciase coa mirada, que só é biolóxica no reflexo da luz dentro do ollo e a transformación en imaxes, ese marabilloso proceso que ten lugar no noso interior: o globo ocular permite pasar a luz a través do cristalino. O poder refrinxente dos tecidos crea unha imaxe clara e invertida na retina, grazas ás células sensoriais fotosensibles (conos e bastonciños) conectadas co nervio óptico e o córtex cerebral, que procesa os datos para formar a imaxe, a visión.

Unha vez completado este mecanismo fisiolóxico, aparentemente sinxelo, mais estruturalmente complexo, cremos que o resto do proceso é fundamentalmente cultu-

ral. Pensemos nunha situación imaxinada: imos nun automóbil dende Ourense ata Pontevedra, sen máis pretensións que desfrutar dun día de ocio; ese día, os nosos compañeiros de ruta son un arqueólogo, un xeólogo e un botánico. Falamos das nosas cousas mentres, distraidamente, miramos a paisaxe pola xanela. Onde un ollo non instruído só vería pedras e rochas, o xeólogo vai vendo granitos, gneis, migmatitas, cambios de dominios xeolóxicos, etc; onde outro só ve plantas e árbores, o botánico vai distinguindo érbedos e sobreiras, cerquiños e carballos, a mudanza da rexión floral Mediterránea á Eurosiberiana; onde algúns só ven formas na paisaxe, o arqueólogo vai identificando castros, mámoas ou trazados viarios históricos, por poñer un exemplo.

Mais deixemos a paisaxe, mesmo o clima, aínda que tamén xeran identidades. A ninguén lle escapa a incidencia que para a construción do «nós» poden ter a chuvia, ou os outeiros, fronte a tópicos como «secarral» ou «meseta», que emocionalmente afastan a Galicia de territorios veciños. Volvamos sobre as xentes e as viaxes, considerando estes últimos como posible toma de contacto directa entre persoas de distintas culturas e, polo tanto, como potencial de elemento de identificación do alleo, da alteridade, proceso inherente á consolidación do propio, da identidade.

2. Turismo, Viaxe e Traballo de Campo

O título da Mesa redonda á que nos referiamos na introdución, «A descuberta do país a través da ciencia (SEG)», nos levou a falar das diferentes formas que pode tomar a viaxe, dende a simple saída á praia de fin de semana ata o traballo de campo científico nun territorio, cun excelente e achegado exemplo no Seminario de Estudos Galegos (SEG). Evidentemente non pretendemos tratar de xeito exhaustivo o tema das viaxes, mais si apuntar algunhas ideas ao respecto.

A verba turismo procede do vocábulo francés *tour* e, á súa vez, do latín *tornare* (xirar), como metáfora dunha viaxe con retorno ou circular. Con todo, semella que o significado actual procede da expresión inglesa *to make a tour* (tomado do francés *faire le grand tour*), en referencia á viaxe realizada polos mozos das elites británicas do século XVIII por diversos países para completar o seu período de formación.

Porén, na actualidade o significado mudou. A partir da expansión da sociedade industrial contemporánea, da consecución de melloras no poder adquisitivo e da lexitimación social do ocio, as viaxes democratízanse e utilízanse masivamente como desfrute vacacional. Deste xeito e nun primeiro momento, iso contribúe a trocar a idea daquel

itinerario formativo por outro que acabou sendo denominado «turismo de sol e praia²» e, por ende, propiciou a identificación do termo «turista», primeiro con esta actividade e, despois, cunha actitude cara ao lugar visitado, ficando o termo «viaxeiro» para o observador atento dos lugares percorridos. Deste xeito e ao noso entender, a diferenza entre turista e viaxeiro será, quizais, o modo de percepción do lugar visitado. Case poderíamos caricaturizar a actitude do primeiro dicindo que «o turista, pese a que mira, non ve», non varía os seus tópicos e preconceitos, e mantén un carácter máis hedonista³ que de formada observación. Con todo, mesmo os viaxeiros profesionais deixáronnos informacións interesadas ou, polo menos, non inocentes. O xeógrafo grecolatino Estrabón (*Xeografía* III, 3, 7), utilizando citas indirectas, e entre outras descrições, cóntanos o seguinte dos antigos galaicos:

Os montañeses [...], polo xeral, comen carne de macho cabrío [...]. Viven durante dos terzos do ano de landras, que secan e machucan e despois moen para faceren tortas e conservalas durante moito tempo. Beben tamén cervexa. Carecen de viño e, se o conseguen, gástanos facendo banquetes coas súas familias. No lugar do aceite usan manteiga... (Romero Masiá / Pose Mesura 1988: 36).

Esta verbas non pretenderon ser unha simple descrição, senón que encerran unha mensaxe pexorativa. Os tres elementos citados (cervexa-landra-manteiga) son a contraposición á tríada alimentaria civilizada do mediterráneo (viño-trigo-aceite), segundo Estrabón ausente nestes pobos e, por tanto, elemento indicador de barbarie. Tal plantexamento serve como elemento propagandístico da acción conquistadora de Roma, á que identifica coa expansión da civilización clásica, a Civilización con maiúsculas.

Non entraremos agora en máis exemplos, aínda que unha actitude propagandística semellante foi moi usual durante outros procesos expansionistas ao longo da Historia, como a Conquista Americana ou o Colonialismo. Mesmo, neste último feito histórico, algúns antropólogos desentrañaron –consciente ou inconscientemente– as claves das culturas nativas para poñelas ao servizo das estratexias colonizadoras. A expansión da civilización europea é o apoxeo do «Homo etnocéntrico», cunha visión moi pautada e tópica dos pobos colonizados. En relación a con isto, traemos a colación un fragmento de poema «Los Nadies» de Eduardo Galeano, moi ilustrativo se pensamos nos clichés creados pola cultura europea sobre pobos preindustriais:

² Independentemente de que agora se veñan utilizando novas etiquetas para o turismo como «cultural», «de aventura», «de negocios», etc.

³ Segundo o dicionario da R.A.G., o termo turismo é a «Acción de viaxar por pracer, e conxunto de actividades que se fan con ese motivo».

[...] Que no son, aunque sean
 Que no hablan idiomas, sino dialectos.
 Que no profesan religiones, sino supersticiones.
 Que no hacen arte, sino artesanía.
 Que no practican cultura, sino folklore... (Galeano 2003: 59).

Tamén, por significativo, recollemos textualmente o seguinte parágrafo sobre algunhas actitudes da cultura occidental na interpretación dos pasados dos países colonizados:

Ahora bien, la relevancia que tuvieron estas imágenes y restos materiales del pasado fue muy grande, más que nada porque los hallazgos arqueológicos del Próximo Oriente pudieron convertirse en verdaderos estandartes de batalla para las modernas naciones europeas: el estandarte fue presentar una Arqueología de corte «colonialista» que tendió a denigrar el rol histórico de los pueblos aborígenes desplazados. Posteriormente, esta Arqueología «colonialista» fue reemplazada por una Arqueología de corte «imperialista», la que —así como que en el campo historiográfico— llegó a convertirse en una tradición nacional expansionista, propagada bajo la égida de una potencia económica o militar que se consideraba suficientemente capacitada para entender, por sí sola, todos los mecanismos de cambios históricos globales de dichas regiones (Toro Icaza 2002: 222).

Mais existe outro modo de viaxar, de percorrer un territorio: o Traballo de Campo, fase metodolóxica fundamental para moitas disciplinas científicas. De feito, víamos en parágrafos precedentes como a vista é fundamentalmente cultural: como dicíamos, vemos co coñecemento.

Neste contexto podemos incluír as viaxes con obxectivos patrimoniais realizadas, ben por investigadores estranxeiros que falaron da nosa cultura, ben por científicos de institucións galegas que centraron o seu labor en Galicia. Un exemplo moi significativo do primeiro caso é o coñecido traballo do prehistoriador alemán Hugo Obermaier que, coa súa colaboración con Florentino Cuevillas, contribúe decisivamente á madurez da Prehistoria galega como disciplina científica (Obermaier 1923).

Con todo, as exploracións científicas metódicas tiveron o mellor expoñente nas «viaxes interiores» do SEG, nado no ano 1923. Como simple lembranza da actividade desta institución, cómpre dicir que proxectaron a súa ollada cara ao país galego entendéndoo como un laboratorio científico. Entre os seus fins e obxectivos principais salientamos a formación de investigadores con atención á realidade cultural galega, con escaso ou nulo desenvolvemento nos programas universitarios, e mais o estudo e divulgación

do noso patrimonio cultural, tal e como recollen os seus estatutos fundacionais⁴. Mais tamén son estudos orientados a construír identidade, parella á acción política do nacente nacionalismo, quizais fronte ao Hispanismo dominante na década de 1920. Deste xeito, destacamos as preferencias en campos concretos da investigación histórica, como o Megalitismo, o Celtismo, o Medioevo, todos considerados antepasados directos da cultura galega e con fortes vínculos centroeuropeos, en contraposición coas achegas mediterráneas comúns co resto da Península Ibérica.

Ata a desaparición do SEG en 1936⁵, a súa actividade foi intensa e frutífera, caracterizándose pola interdisciplinabilidade. Deste xeito, baixo a Presidencia de S. Cabeza de León (entre 1925 e 1934), funcionaron activamente as seccións de Historia (S. Cabeza de León), Prehistoria (F. Cuevillas), Etnografía (V. Risco), Xeografía (R. Otero Pedrayo), Arqueoloxía e Historia da Arte (X. Carro), Historia da Literatura (X. Filgueira Valverde), Arte e Letras (A. R. Castelao), Filoloxía (A. Cotarelo Valledor), Pedagogía (M. Díaz Rozas), Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas (L. Tobío), Ciencias Aplicadas (M. Gómez Román) e Ciencias Naturais (L. Iglesias).

Canto ás súas publicacións, editaron en primeiro lugar no boletín da «Real Academia Galega» ata que, en 1927, saen á luz os «Arquivos do Seminario de Estudos Galegos». Para alén diso, en certo modo, a revista *Nós* funciona como un vehículo de comunicación paralelo do SEG, dado que numerosos investigadores comparten os dous ambientes culturais. O SEG editou, tamén, numerosas monografías e, así, non podemos rematar este apartado sen citar tres obras mestras moi representativas do que vimos de expoñer: *Terra de Calvos* (1930), *Terra de Melide* (1933) e *Parroquia de Velle* (1936). No ano 1936 estaba case preparada una nova obra dedicada ás terras de Deza, que nunca chegou á imprenta.

A gran viaxe ao interior de Galicia iniciada polas seccións do SEG tivo, ao noso entender, dous importantes efectos complementarios: a procura e interpretación de datos científicos, desde a poliédrica mirada que proporciona a interdisciplinabilidade, e a maduración e perfeccionamento dos métodos e técnicas de investigación, tendo sempre como obxecto de estudo a realidade galega dende o pasado máis remoto. Iso é

⁴ Entre os seus fins, salientamos «O estudo de todas as manifestacións da cultura galega, tendendo á formación dos investigadores e á divulgación do resultado dos traballos».

⁵ Reaparece a institución en 1944, con parte do patrimonio do SEG e coa denominación de *Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento*, vinculado ao C.S.I.C.; no ano 1978 créase o *Novo Seminario de Estudos Galegos*, actualmente en funcionamento tamén dentro do C.S.I.C.

aplicable tanto ao Patrimonio Cultural como ás Ciencias Naturais. Temos un bo exemplo en Isidro Parga Pondal, químico e xeólogo de primeira magnitude e cunha inxente obra que situou á Xeoloxía galega entre as punteiras de Europa e o macizo galaico como un dos mellor estudados.

3. Cultura e Patrimonio Cultural

Os conceptos de Cultura e Patrimonio Cultural son de grande interese, dado que a evolución dos seus significados transcorren parellos á análise das claves da identidade e, inherentemente, da alteridade. Por iso cremos necesario achegarnos ás primeiras aproximacións científicas para explicar a evolución das culturas humanas e, con elas, contrastar afinidades e diferenzas. Con todo, esas explicacións son tamén olladas e definicións distintas sobre o Patrimonio Cultural.

Deste xeito, no século XIX, L.H. Morgan propón un proceso de evolución inevitable da humanidade, teoría denominada «Evolucionismo Unilineal». En 1877 publica un traballo co explícito título de *Ancient Society or Researches in the Lines of Human Progress from Savagery through Barbarism to Civilization*, editado en castelán como *La sociedad primitiva* (Morgan 1975). Argumenta que as sociedades pasan por estadios culturais secuenciais e obrigados. A grandes trazos, o Salvaxismo, estadio característico das bandas de cazadores-recolectores (equivalente ao Paleolítico), a Barbarie (tribos agrogandeiras preestatais do Neolítico e idades dos metais) e a Civilización (sociedades estatais dende o Mundo Antigo).

Fronte estas teorías evolucionistas unilineais de Morgan, F. Boas, xeógrafo e físico de formación, para alén de fundador da *American School of Anthropology*, propón o «Particularismo Histórico» (Boas 1911), segundo o cal os diversos grupos sociais tiveron infinitos procesos culturais e históricos, teoría inherente ao importante concepto de «Difusionismo» cultural para a Arqueoloxía ata hai poucas décadas, e tendo como valedor de renome ao prehistoriador G. Childe. Sen afondar máis, vemos como unhas visións particulares da evolución cultural humana marcan métodos e teorías sobre os mecanismos e comportamentos que rexen os intercambios interculturais.

Iso vai incidir, como non, no Patrimonio Cultural, especialmente se o entendemos como unha herdanza, como unha acumulación de feitos culturais (materiais e non materiais) transmitidos de xeración e xeración. Nesa evolución do concepto, seguimos e interpretamos unhas propostas que fai a investigadora Elvira F. de Paz (Fernández de Paz 2006).

Quizais entre as primeiras valoracións do termo Patrimonio estea o concepto de «tesouro», é dicir, que só entrarían neste selecto clube os produtos de prestixio, considerados desde criterios principalmente estéticos; así, serían Patrimonio as obras de xenios creativos individuais ou xentes cun alto grao de civilización (zigurats, pirámides, templos e esculturas clásicas, etc). Os demais restos do pasado, as producións da vida cotiá e comúns, serían consideradas como una especie de subcultura, de creacións vulgares das xentes anónimas. Como dato anecdótico, cómpre dicir que aínda hoxe e nalgúns ambientes, aos técnicos de patrimonio cultural denomínannos «os de Belas Artes».

Nese senso non é difícil asociar esta forma de ver o Patrimonio con outra consideración moi actual, esa mestura entre a súa valoración como un «recurso» económico e a actitude cara a el dos «tour operadores». No primeiro caso, promóvese a protección/exhibición exclusiva dos elementos máis atraentes para os visitantes de cara a obter a maior rendibilidade económica posible. Mais, aínda que existen actitudes economicistas racionais e teorizadas⁶, é moi común por parte das axencias de viaxes a oferta de «paquetes culturais» complementarios das excursións, de profesionais, de fin de curso, de viaxes de noivos ou outras, e nas que as visitas patrimoniais pasan a se converteren nun extra ou complemento. Deste xeito, se combinamos as concepcións de «tesouro» e «recurso» desligados dos contextos culturais que crearon as obras patrimoniais, pode xurdir un explosivo cóctel que identifique o patrimonio cunha actitude, cunha ocasión ou cunha entelequia universal existente en mundos paralelos que non son o habitual noso, nos espazos alternativos onde viven o ocio, as vacacións e o lecer.

Cremos que, sen arriscar en demasía, podemos afirmar que calquera arqueólogo con que podades falar compartiu nalgunha ocasión a mesma experiencia; ao coincidir con algún turista que volta de Gizeh, Petra ou dos Foros de Roma, e sendo coñecedor da nosa profesión, este comenta: «aquilo si que é Arqueoloxía, eh? (...e non isto que temos aquí)», e é difícil convencelo de que nós podemos estar interesados noutros temas, como os megalitos atlánticos, o nacemento do feudalismo no val do Miño, a historia urbana da nosa cidade ou calquera outro tema relacionado co Patrimonio Cultural. Cando menos a nós, sempre nos asalta a dúbida de que calan unha contestación semellante a «Que remedio... non tendo a posibilidade de poder escavar alá!».

⁶ «[...] los bienes culturales no constituyen un *output* cualquiera, sino que poseen ciertas particularidades que determinan la complejidad de su análisis [...] los bienes culturales, y en especial los relacionados con el patrimonio histórico, comportan no sólo un valor de uso y de cambio, sino también un valor de opción, asociado al interés por el mantenimiento de estos elementos como seña de identidad de los pueblos y de su historia (valor de prestigio, de legado o de existencia) y que los ciudadanos estarían dispuestos a sufragar aún cuando no consumiesen el bien en sí mismo» (Bedate Centeno / Sanz Lara / Herrero Prieto 2001: 2).

Fronte a estes conceptos de tipo artístico aparecen outros con máis carga científica. Deste xeito, enténdese o Cultural como a testemuña da expresión colectiva das experiencias e concepcións que lle son propias a cada grupo humano. Esta mudanza deuse a partir da Convención da UNESCO de 1954 e nela tivo moito que ver o papel xogado pola Antropoloxía e a substitución do termo «obxecto» –de carácter histórico-artístico– polo de «ben cultural».

Ao mesmo tempo, resulta especialmente significativo, tamén por actual e pola súa incorporación en calquera das moitas normativas legais, o concepto de Patcomo «identidade», como reflexo do ser dun pobo, como fundamento de cohesión e «pegamento» dos seus membros. Nese senso non podemos esquecer a Introducción da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia:

A Lei do patrimonio cultural de Galicia é a expresión xurídica necesaria á especificidade que, como nacionalidade histórica, posúe en materia cultural, forxada a través dos séculos e precisada na actualidade de preservación, conservación, actualización e difusión para o seu goce social.

Así tamén, o seu artigo 1.1 recolle que

O patrimonio cultural de Galicia é constituído por tódolos bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Vexamos tamén como plantexou e construíu a Arqueoloxía o concepto de Cultura. Resulta especialmente interesante é a teorización de «Cultura Arqueolóxica» que propoñía David Clarke, máximo valedor da corrente denominada «Arqueoloxía Analítica». Segundo el, a xerarquización dos elementos principais e coherentes ata acadar ou sobrepasar o concepto Cultura, son os seguintes: Artefacto (Atributo, Tipo), Conxunto, Cultura Arqueolóxica, Grupo Cultural e Tecnocomplexo (Clarke 1984):

– **Artefacto:** calquera obxecto creado ou modificado artificialmente. Aínda que o termo se utiliza máis para elementos mobles (ferramentas, cerámicas, adornos, etc) tamén se refire a inmobles (estruturas arquitectónicas, sartegos, etc).

Cos avances dos métodos interdisciplinares, introdúcese un novo termo, o Ecofacto, elemento natural que contribúe a explicar un feito arqueolóxico (restos de plantas, animais, sedimentos, etc). A partir das características (Atributos) específicas e contextuais, constrúense as Tipoloxías.

- **Tipo:** modelo de artefacto que comparte unha serie de atributos. Cantos máis atributos comparte, o Tipo é máis coherente.
- **Conxunto Arqueolóxico:** grupo asociado de Artefactos-Tipos coetáneos, ou agrupación de distintos Tipos empregados simultaneamente. Soe ser característico dun grupo humano ou de varios relacionados entre si.
- **Cultura Arqueolóxica:** grupo de conxuntos arqueolóxicos formados por artefactos, asentamentos, vivendas, tumbas, etc que sexan coincidentes ou reflectan a maioría das actividades de cada grupo, que compartan territorio e cronoloxía. A dúbida con respecto ao concepto global de Cultura é que, se comparten varios elementos materiais, compartirían tamén a lingua, a relixión ou a ideoloxía?
- **Tecnocomplejo:** poderíámolo resumir como un grupo de culturas que comparten tan só unha parte de trazos culturais, especialmente tecnolóxicos, e nos que esas similitudes poden vir dadas por condicionantes medioambientais.

Os trazos que forman unha cultura foron e son utilizados como elementos de identidade/alteridade. Tamén o Patrimonio Arqueolóxico, principalmente porque achega datos que axudan a definir a identidade dun pobo no pasado afastado.

Un bo exemplo do que estamos a dicir é o asunto do celtismo na conformación da identidade galega, sobre todo cando se lle dá á cultura un carácter étnico, e a un país unha base cultural homoxénea. Nese sentido entra en xogo o concepto «aborixe», é dicir, o que está no territorio desde sempre, desde os inicios, *ab originis*. A identificación dos galegos co pobo protohistórico dos Celtas foi amplamente difundido polos investigadores desde finais do século XIX, mais seriamente posto en cuestión polos arqueólogos a partir, aproximadamente, da década de 1970. Na actualidade conviven as dúas tendencias interpretativas, agora dende puntos de vista máis académicos e sen que os defensores do celtismo científico o identifiquen con claridade cunha etnia; e moito menos con que a cultura celta fose exclusiva de Galicia na península Ibérica na Protohistoria e Idade Antiga.

En resumo, independentemente destas disquisicións, o Patrimonio Arqueolóxico segue a ser percibido como un potente indicador de identidade. E ocorre, ao noso entender, pola secuencia de motivos que pasamos a expoñer:

- 1º. Pode proporcionar e representar as evidencias culturais desde o pasado máis distante, a Prehistoria, a partir dos restos materiais (elementos cerámicos, líticos,

metálicos, arquitecturas, etc). A capacidade de significación e visualización dese tipo de restos, en canto que son elementos físicos e, unha vez que pasan polo método arqueolóxico, facilmente intelixibles, ofrece un marco idóneo para construír un discurso identitario.

2º. Ese discurso de afinidade/distanciamento soe basearse na confluencia de regularidades de certos elementos arqueolóxicos nun territorio e a súa discontinuidade ou falla de representación en territorios colindantes. Cando un elemento ou cultura arqueolóxica se percibe como *item* identitario, aínda que non fose exclusivo de Galicia, pode actuar cunha dupla función:

- a) A propiamente identitaria, por achegar información (científica, mítica, simbólica, etc) para que os habitantes da zona os sintan como parte e integrantes do seu pasado.
- b) De alteridade, ao ofrecer aos outros datos da identidade dos anfitrións, podendo uns e outros contrastar elementos de afinidade/diversidade a partir dese elemento arqueolóxico.

3º. Cada fase, etapa ou cultura arqueolóxica pode ser percibida como un compoñente do ADN cultural dun País. Con todo, a historiografía amosa exemplos de escolla selectiva dos elementos arqueolóxicos na construción de identidades. Así, considerando a identidade galega como a suma acumulativa das culturas paleolíticas, neolíticas, das idades dos metais, da castrexa, romana ou xermánica altomedieval (por poñer exemplos cronoloxicamente distantes), a cultura romana vense interpretando como allea, unha «invasión» actualmente ritualizada nas cada vez máis numerosas Festas Históricas. Por exemplo, no «Folión Castrexo» celebrado en torno ao castro de Castromao (Celanova), os castrexos son os propios, os representantes do «nós» celanovense; e iso pese a que o vestuario de moitos castrexos se integraría perfectamente en calquera filme sobre guerreiros dos Highlands escoceses da Idade Moderna, modelo *Braveheart*. Con todo o paradoxo é maior cando moitos manuais de Ciencias Sociais aínda explican os Celtas en Galicia como froito de invasións desde Centroeuropa no século VI a.C...

4. Epílogo

O Patrimonio Arqueolóxico, en canto que proporciona trazos dunha cultura no pasado, independentemente da súa monumentalidade, é un elemento básico para

coñecermos un país. Foi e é utilizado como elemento identitario, a través do xogo de afinidades-diferenzas. Como integrante do Patrimonio Cultural consideramos que tamén é percibido polo «visitante» como posible elemento referencial de alteridade, xunto cos outros aparentemente máis evidentes, como o idioma, a paisaxe, a gastronomía ou a artesanía.

Agardamos que esta incursión da Arqueoloxía no creativo mundo da Literatura de viaxes fose do voso interese e que contribuíse a engadir novos puntos de reflexión sobre a ollada cara aos outros.

Referencias bibliográficas

Bedate Centeno, A. M. / Sanz Lara, J. A. / Herrero Prieto, L. C. (2001): «Turismo cultural y patrimonio histórico: aplicación multivariante al estudio de la demanda», *Estudios Turísticos* 150, 113-132.

Boas, F. (1911): *The mind of primitive man* (New York: MacMillan).

Clarke, D. L. (1984): *Arqueología Analítica* (Barcelona: Ediciones Bellaterra).

Fernández de Paz, E. (2006): «De tesoro ilustrado a recurso turístico: el cambiante significado del patrimonio cultural», *Pasos. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural*. Vol. 4, 1, 1-12.

Galeano, E. (2003): *El libro de los abrazos* (Madrid: Siglo XXI).

Morgan, L. H. (1975): *La sociedad primitiva* (Madrid: Editorial Ayuso).

Obermaier, H. (1923): «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*. Vol. VII, 148, 1-21; 149, 25-48.

Romero Masía, A. M / Pose Mesura, X. M. (1988): *Galicia nos textos clásicos* (A Coruña: Museo Arqueolóxico e Histórico Provincial).

Toro Icaza, B. (2002): «El desarrollo arqueológico del Antiguo Próximo Oriente: su concepción occidental y sus repercusiones en los problemas actuales», *Archivum* 4, 217-226.